

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 13**

### **SESION EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 1 DE XULLO DE 2019**

#### ASISTENTES

##### POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abel  
Abelairas Rodríguez Isaura  
Aguiar Castro Yolanda  
Aneiros Pereira Jaime  
Blanco Iglesias Eugenia Dolores  
Caride Estévez María José  
Espinosa Mangana Elena  
Fernández Pérez José Manuel  
Gomez Días Gorka  
Iglesias González Ana Laura  
Lago Barreiro M.<sup>a</sup> del Carmen  
López Font Carlos  
Losada Alvarez Abel Fermín  
Mejías Sacaluga Ana Maria  
Pardo Espiñeira Francisco Javier  
Rivas González Ángel  
Rodríguez Calviño Patricia  
Rodríguez Díaz Santos Héctor  
Rodríguez Rodríguez Nuria  
Silva Rego M.<sup>a</sup> Carmen

##### POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa (PP)  
Gonzalez Castillo, Jesus Marco(PP)  
Lopez Roman, Patricia (pp)  
Marnotes González, Jose Alfonso (PP)

##### POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Mendez Fuentes Oriana  
Pérez Correa Ruben

##### MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e vinte e catro minutos do día un de xullo do ano dous mil dezanove, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días Gorka, Gonzalez Castillo, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Roman, Losada

Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Mendez Fuentes, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: De acordo coa convocatoria que obra en poder das señoras/es concelleiros pasamos ao Pleno de dotación orzamentaria de transferencias de crédito, está convocado inmediatamente despois do Pleno organizativo, obra en poder das señoras/es concelleiros e polo tanto, arrancam os con este Pleno.

### **1(86).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA**

Os vinte e sete membros presentes da Corporación acordan por asentimento a ratificación da urxencia.

### **2 (87).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 67/2019, TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS ENTRE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO DO ORZAMENTO. EXPTE. 63/142 (REXISTRO PLENO 2050/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 24 de xuño de 2019, o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, emite o seguinte informe proposta,

“Segundo se fai constar no expediente, os servizos de Emprego e Turismo, por distintas causas, unha por estar en fase de preparación o expediente de promoción da Cidade e

noutro caso, por terse recibida a renuncia dos organizadores da Feira CONXEMAR á tramitación da axuda que figura nominativa nos Orzamentos do ano 2019, as devanditas Concellerías puxeron a disposición da Concellería de Orzamentos e Facenda os recursos non aplicados a finalidade prevista para empregos alternativos.

Así mesmo, por parte da Concellería de Festas, tense comunicado unha insuficiencia de recursos para facer fronte a totalidade dos compromisos adquiridos para o desenvolvemento das festas do verán, polo que se fará a aplicación dos devanditos recursos ao programa 3380, Festas populares e festexos.

O servizo de Turismo non ten previsto ningún outro contrato e dispón de crédito pendente de emprego na aplicación 4320.2279902, que pode ser transferido a outra finalidade sin que perturbe o funcionamento normal do resto do Servizo de Turismo.

#### XUSTIFICACIÓN

O Orzamento de gastos ten un carácter limitativo e vinculante, tendo estes a condición de máximos en canto ás obrigas que como máximo se poden recoñecer durante o ano, polo que as insuficiencias que se producen nun programa orzamentario deben e teñen que se atendidas con créditos que non son executados en outras áreas ou programas de gasto.

Neste caso, hai un exceso de recursos que estaban asociados ao contrato de promoción da cidade nos soportes aéreos, e que a esta data, o contrato non está en vigor, polo que o recursos pola primeira parte do ano, poden ser destinados a outra finalidade.

En relación ao saldo da aplicación 2410.4700003 e a tramitación do convenio, mediante notificación con Rexistro de Saída nº 9865 do 25/03/2019 e, co obxecto de proceder á tramitación do convenio de subvención nominativa prevista nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo, requiriuse á Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR) (G36636819), a achega á maior brevidade da documentación necesaria para tramitar o procedemento, advertindo que de non achegar a devandita documentación no prazo outorgado, teríaselle por desistido de acordo co disposto no art. 68 da LPAC, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos do previsto no artigo 21 da citada Lei.

Con data 26/03/2019, CONXEMAR achega escrito a través do Rexistro Electrónico do Concello de Vigo (Código de solicitude: W333414-2244), comunicando que o pasado 16/02/2019 a Xunta Directiva de CONXEMAR decidiu por unanimidade deixar de recibir subvencións para a feira, motivo polo cal non poden asinar o convenio. Agradecen o interese do Concello polas axudas prestadas en edicións anteriores a CONXEMAR e as atencións e cordialidade que manteñen con dita asociación.

A teor do anterior, e previa proposta do Servizo, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 6 de xuño de 2019, adoptou o acordo de aceptación do escrito de

(CONXEMAR) de desestamento da subvención nominativa para a organización da feira.

Ao tratarse dunha subvención nominativa aprobada polo Pleno, tamén corresponde a este órgano o cambio de destino dos recursos e a súa desvinculación do beneficiario nominativo.

As modificacións orzamentarias constitúen o mecanismo legal polo cal se axustan os créditos segundo as necesidades funcionais e a natureza económica dos mesmos.

## ESTABILIDADE E REGRA DE GASTO

A modificación de crédito que se tramita, non incrementa a contía do orzamento, polo que non afecta ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade e da regra de gasto previstos para o ano 2019, non alterando as proxeccións contidas no Plan Económico Financeiro en vigor, non requirindo por elo, informe sobre o cumprimento dos obxectivos das regras fiscais.

## ÓRGANO COMPENTE

O artigo 179 do TRLRFL, regula o réxime das transferencias de crédito, no seu apartado 1), establece que as entidades locais regularán nas bases de execución do orzamento o réxime de transferencias establecendo, en cada caso, o órgano competente para autorizalas.

No apartado 2), establece que a aprobación das transferencias de crédito entre distintos grupos de función corresponderá ao Pleno da corporación salvo cando as baixas e as altas afecten a créditos de persoal

A Base 9ª das de Execución do Orzamento vixente regula o réxime destas modificación orzamentarias, establece que será competencia do Pleno, a aprobación de transferencias entre distintas Áreas de Gasto do orzamento, agás aquelas que afecten a créditos de persoal.

Nos expedientes de transferencias de créditos, dos que a súa aprobación sexa competencia do Pleno, seguirase a tramitación prevista nos artigos 169 e 171 do TRLRFL, aprobado polo RDL. 2/2004, de 5 de marzo.

A vista a documentación incorporada, para que prosiga a tramitación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no artigo 123.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) e artigo 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, formúlase ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 67/2019, transferencia de créditos entre distintas Áreas de Gasto do Orzamento correspondente ao expediente nº 63/142, cos seguintes recursos e empregos:

Concepto	Recursos				Empregos			
	Programa	Partida	Proxecto	Importe	Programa	Partida	Proxecto	Importe
Turismo	<b>4320</b>	2279902		1.000.000,00	3380	4700001		100.000,00
Emprego	<b>2410</b>	4700003		100.000,00	3380	2260906		1.000.000,00
Total				1.100.000,00				1.100.000,00

SEGUNDO.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria nº 67/2019, en cumprimento do previsto no art. 169 do TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

TERCEIRO.- De non presentarse reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partires da súa publicación.

De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

As reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resoven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP, RD 500/1990).

CUARTO.- Unha vez co crédito sexa executivo, procederase a tramitar os expedientes de acordo a finalidade dos empregos dos recursos.

No entanto o anterior, a Base 29ª das de Execución do Orzamento, ao abeiro do previsto no artigo 117.2 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP), de 8 de novembro, establece que poderán tramitarse anticipadamente expedientes de gasto, cando estea presentado na Intervención Xeral o proxecto de orzamento xeral para o exercicio seguinte ao actual, así como no caso de modificacións de créditos.

QUINTO.- Ao amparo do previsto no artigo 171 do TRLRFL, contra a aprobación definitiva da modificación de crédito, poderá interporse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación da modificación de crédito.”

Con data 24 de xuño de 2019, o Interventor Municipal emite o seguinte informe de fiscalización,

“Visto o expediente (63/142) presentado polo Concelleiro de Facenda, e como consecuencia dos expedientes emitidos polos servicios de Desenvolvemento Local e Turismo, nos que se facían constar a disponibilidad de créditos, por non levar a cabo diversas actuacións, é polo que se solicita o inicio dunha modificación orzamentaria (vía transferencia), para dar cobertura ás necesidades dese Servicio de Festas, esta Intervención Xeral informa:

Segundo o artigo 179 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado mediante RDL2/2004 e o artigo 40 do Real Decreto 500/1990, a transferencia de crédito que se propón afecta a partidas de gasto do distinta Área de Gasto, polo que, conforme ao artigo 179.2 do TRLRFL e Bases de Execución do Orzamento, a competencia para a súa aprobación é o Pleno

O expediente cumpre o estipulado no artigo 180 do TRLRFL e o artigo 41 do Real Decreto 500/1990.

De acordo co establecido no artigo 179.4 do TR, esta Modificación de Crédito estará suxeita aos requisitos establecidos nos artigos 169,170 e 171 do TR.

O referido expediente cumpre cos obxectivos das regras fiscais para o ano 2019, xa que trátase dunha modificación de carácter cualitativo, non cuantitativo.

#### TRANSFERENCIA DE CREDITO

<u>APLICACIONES MODIFICADAS</u>	<u>IMPORTE</u>
- Aplicación de gastos minorada	
2410.4700003 Convenio Feira Conxemar	100.000.-
4320.2279902 Prom. Turística Rutas Ryanair	1.000.000.-
- Aplicación de gastos incrementada	
3380.2260906 Festas de Vigo	1.000.000.-
3380.4700001 convenio Marisquiño	100.000.-

O crédito das aplicacións no importe que se pretende minorar, é de libre disposición ao non estar declarados indispoñibles polo Pleno da Corporación, ao non estar retido nin atoparse en situación de autorizado, ou recoñecido, estimándose que pode ser reducible sen perturbación do servicio.”

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 24.06.2019, presta conformidade a dita proposta.

A Xunta de Voceiros en sesión extraordinaria, onde actuou asumindo as funcións da Comisión Informativa de Economía e Facenda, acordou o prazo dun día para a presentación de emendas polos grupos políticos municipais.

En data 27 de xuño de 2019, o membro non adscrito presenta emenda á Modificación Orzamentaria nº 67/2019.

Con data 27.06.19, a Dirección Superior Contable e Orzamentaria informa sobre dita emenda.

En data 27.06.2019, o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, emite o seguinte informe proposta,

“A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria urxente celebrada o día 24 de xuño de 2019, aprobou a Modificación Orzamentaria, Transferencia de Créditos, nº 67/19, correspondente ao expediente 63/142.

Ao amparo do artigo 28 do Regulamento Orgánico do Pleno, a Xunta de voceiros asume transitoriamente as funcións das Comisións Informativas Permanentes se non fora posible a creación destas na primeira sesión que se celebre despois da constitución da Corporación.

Ao día da data, as Comisións Informativas están pendentes de constituír, polo que, a Xunta de Voceiros, en sesión de data 26/06/2019 en aplicación do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, abriu o procedemento e fixou o calendario para que os grupos políticos municipais poidan presentar emendas á modificación orzamentaria nº 67/2019 aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria celebrada o día 24 de xuño de 2019. O prazo fixado comezou o día 26/06/2019 e rematou as 14,00 horas do día 27/06/2019.

Seguindo o procedemento legalmente establecido, os Grupos Políticos Municipais e Membros non adscritos, ao amparo do previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP), fixeron uso desta prerrogativa e presentaron emendas á modificación orzamentaria no prazo previsto pola Xunta de Voceiros do que queda constancia no expediente físico e electrónico.

Con data 27/06/2019, rexistrada na mesma data, o Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, D. Xabier Pérez Iglesias, membro non adscrito do Pleno co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2053/1101, presentou emenda co seguinte contido:

Modificar a aplicación incrementada por un importe de 1.000.000,00 de euros, proposta no referido Proxecto de Modificación Orzamentaria (3380.2260906, festas de Vigo), como

emprego dos créditos liberados da aplicación 4320.2279902, para no seu lugar se destine a aumentar a aplicación 2410.1310000 DUSI, OT9, LA15, PROGRAMA EMPREGO INSERCIÓN LABORAL neste importe.

### *Cuestión previa*

Visto o informe sobre a avaliación do escrito/emenda, a proposta que se achega hai que conciliála xuridicamente co contido do artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno, que ven a decir que: *As emendas, dentro do prazo acordado, presentaranse no Rexistro do Pleno mediante escrito asinado polo Voceiro do grupo municipal.*

O Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, non é voceiro do grupo municipal, xa que a esta data, hai unha situación provisional na que se lle outorga o estatus de Membro non adscrito. Esta condición non é a de grupo, polo que, a Xunta de voceiros tería que pronunciarse sobre este extremo e a lexitimidade para presentar a emenda, sempre tendo en conta os dereitos que consagra o artigo 23 da Constitución.

De admitirse como emenda e con lexitimidade, a proposta que se formula, permite o pronunciamento da Xunta de Voceiros e con posterioridade a do Pleno, en caso contrario, a Xunta de Voceiros non se pronunciaría sobre a emenda por non estar presentada polo voceiro dun grupo político municipal.

En relación co tratamento dado, e no suposto de de lexitimación para presentar a emenda, o Sr. Tesoureiro Municipal, Director superior Contable e Presupuestación, con data 27/06/2019, emitiu informe sobre a emenda, na que pon de manifesto que non se pode emitir informe técnico, por representar a mesma unha opción política de aplicación alternativa dos recursos públicos a outros empregos distintos dos propostos polo goberno e aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria do 26 de xuño de 2019.

O seu contido inequivocamente político, non pode quedar suxeito a un estudo-avaliación e consideración dun informe técnico, xa que a mesma non pon en cuestión o incumprimento do bloque normativo que lle é de aplicación a este tipo de expedientes, senón unha oportunidade política distinta. O Sr. Concelleiro non adscrito membro non adscrito da Corporación, dende unha unha posición política alternativa, propón a aplicación dos recursos a outros empregos que considera máis axeitados, polo que a Xunta de Voceiros deberá ditaminar sobre a súa aceptación ou rexeitamento, co posicionamento político e a vontade do Goberno que xa someteu a súa proposta á Xunta de Goberno Local e formulou proposta ao Pleno.

Avalidada a emenda, propónse á Xunta de Portavoces o seguinte:

PRIMEIRO.- Rexeitar o escrito/emenda presentada polo Sr. Concelleiro non adscrito D. Xabier Pérez Iglesias, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2053/1101, por representar a mesma unha opción de oportunidade política alternativa ao do Goberno.



SEGUNDO.- Manter a proposta a Pleno da Corporación, asinada polo Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda o día 24/06/2019 que se engade, non habendo alteración algunha en relación co Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 24 de xuño de 2019.

TERCEIRO.- Ao non alterar os recursos nin empregos do expediente informado polo Sr. Interventor Xeral, non require sometelo a novo informe.

CUARTO.- Os antecedentes da proposta, son os reflectidos na proposta asinada o 24 de xuño de 2019, que figura no Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno e sometido aos Srs. Concelleiros para estudo e emendas na Xunta de Voceiros de 26 de Xuño.

QUINTO.- Unha vez votada o rexeitamento da emenda, sométese ao Pleno da Corporación, co ditame da Xunta de Voceiros a seguinte proposta..."

Deseguido o concelleiro informante formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Voceiros en sesión extraordinaria, onde actuou asumindo as funcións da Comisión Informativa de Economía e Facenda, acordou rexeitar a emenda presentada polo membro non adscrito e ditaminou favorablemente a proposta.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Efectivamente neste punto da orde do día traemos unha modificación orzamentaria que ten que ser sometida por cuestións legais á aprobación do Pleno do Concello de Vigo para completar esa articulación do programa de promoción da cidade a través neste caso das festas de verán e de O Marisquiño, hai que dicir que esta tramitación xa está en marcha pero que por motivos de paralización, polas eleccións e polo estado de funcionamento do goberno tivo que agardar ata este intre para ser aprobada, como dicía se trata de promocionar a cidade a través das festas de verán sendo unha referencia para esta cidade e tamén para o entorno económico desta cidade, hai que pensar que non só a poboación de Vigo senón a poboación do entorno de Vigo e se facemos un perímetro de 100, unha radio de 100 quilómetros a redonda a poboación que

pode verse beneficiada por esta actividade de promoción é ampla, supera 1 millóns e persoas. Polo tanto, facemos esta política de promoción da cidade sen achegas para suplir a non achega da Xunta de Galicia que noutras cidades de Galicia facendo uso dun centralismo xa trasnoitado, achega 3 millóns e euros para promocións dalgúns concertos, mentres que no caso de Vigo a cidade máis poboada de Galicia, o motor económico de Galicia, a Xunta de Galicia está ausente nos paliamos esa ausencia da Xunta de Galicia cos nosos recursos, cos recursos propios para como dicía dotar as festas de verán dese carácter de promoción internacional da cidade que queremos desenvolver por parte deste goberno local e queremos apoiar tamén outro evento de especial importancia na cidade e tamén na súa contorna en Galicia como é O Marisquiño o festival de deporte urbano internacional que se vai a celebrar durante o 9, 10 e 11 de agosto nesta cidade e que será punto de referencia mundial, internacional para competicións de skate, basket, de tres para tres, BMX, de freestyle, de dirt yump ou esa baixada espectacular dende O Castro ata o peirao da Laxe que nos fai punto de referencia obrigada nesas datas de verán, do principio de agosto para a cidade e que non é outro motivo que visiten persoas a cidade doutras partes de Galicia, de península ibérica tamén e tamén do contexto internacional porque como dicía Vigo vai a ser un referente internacional neses días, se trata como dicía tamén de posicionar a Vigo nestes grandes circuítos internacionais, non só das competicións deportivas e de arte e deporte urbano senón tamén nesas xiras internacionais de grupos internacionais e de referencia, o obxectivo non é outro que promocionar a actividade económica da cidade, non se trata de obter un beneficio por parte das arcas municipais, non é ese obxectivo, senón que se trata de que a cidade, de que os actores económicos da cidade se vexan beneficiados por esa promoción da cidade que o goberno municipal quere levar a cabo e está desenvolvendo dende hai anos, promocionar a cidade significa traer riqueza á cidade, significa emprego, significa posicionar a Vigo como un referente na economía da rexión, da economía polo tanto do contexto do Estado, se veñen persoas a Vigo, consumen en Vigo, xeran economía en Vigo e crean postos de traballo en Vigo, ese é o obxectivo fundamental desas actividades de promoción da cidade que como dicía estamos a desenvolver dende o goberno de Vigo, por suposto tamén hai un factor de xerar benestar para a cidadanía, de gozar nesa cidade máis poboada de Galicia no

contexto de medio millón de habitantes que temos na contorna de Vigo pero tamén dunha posibilidade de visita á cidade por parte das persoas da rexión, da comunidade autónoma e tamén do norte de Portugal e doutros puntos de España e tamén doutros puntos doutros países da Unión Europea e de fora da Unión Europea porque como dicía os festivais internacionais tanto deporte e arte urbano como os concertos internacionais nos visitan xentes doutras partes de España e tamén doutras partes do mundo, e polo tanto, retorno económico para a cidade, para a cidadanía, para as empresas, para os profesionais, para os autónomo e claro neses días, pódese dicir dende o 17 de xullo que comeza o concerto de Lauren Hill ata máis alá do 8 de agosto cando remata o concerto de David Bisbal, a cidade esperamos e agardamos que estea chega de visitantes, chea polo tanto de dinamismo, chea de actividade económica, iso redunda en beneficio dos nosos sectores produtivos e redunda en beneficio do turismo e da actividade económica dos servizos da nosa cidade.

Hai que dicir que esta modificación orzamentaria de crédito a facemos cos recursos propios do Concello de Vigo, dicía antes que para paliar a ausencia doutras administracións no apoio a actividade de O Marisquiño por exemplo ou na actividade de promoción das cidades a través dos concertos internacionais, en Santiago de Compostela a Xunta de Galicia achega 3 millóns de euros, en Vigo cero, polo tanto, o Concello de Vigo en uso dos seus recursos propios decide promocionar a cidade, facer de Vigo ese punto de referencia tamén no mes xullo e no mes de agosto, para que persoas doutras latitudes poidan visitar a cidade e polo tanto poidan xerar recursos económicos para os sectores produtivos do ocio, da hostalería, dos servizos na nosa cidade.

Todo isto faise dentro dun orzamento, falábase antes dentro dun orzamento de 257,5 millóns de euros, polo tanto, o facemos como unha partida que se xa está nese orzamento que aprobamos no seu momento de 257,5 millóns de euros, e hai que dicilo claro, sen deixar de facer outras cousas, Vigo é unha cidade solidaria, Vigo e a cidade que ten a política social máis importante de Galicia e tamén do contexto do Estado, os datos así o reflicten, se vemos os datos comparativos do capítulo de política social dos concellos de Galicia, vemos que Vigo adica máis de 52 millóns de euros a política social, mentres que A Coruña 45 millóns, e Santiago de Compostela tan só 14 millóns de euros, polo tanto, seguimos sendo cidade

referente tamén na política social, o seguimos sendo, queremos tamén promocionar a cidade porque como dicía somos unha cidade dinámica, unha cidade activa, unha cidade emprendedora, polo tanto, non deixamos de facer iso que nos fai referentes tamén a nivel non só da comunidade autónoma senón do contexto do estado, pero tamén somos referentes en servizos públicos, adicamos a non desprezable cifra de máis de 131 millóns de euros aos servizos públicos da cidade. Polo tanto, mantemos tamén a calidade dos servizos públicos da cidade, unha calidade dos servizos públicos que ven reflectida, amparada e avalada en definitiva pola enquisa da OCU que fai de Vigo a cidade cun dos mellores servizos públicos esenciais do contexto do Estado, o grado de satisfacción dos vigueses supera o 70% cos servizos públicos da cidade, polo tanto, coa Policía, cos Bombeiros, coa seguridade, coa limpeza como así o reflicten tamén as seis escobas de platino, polo tanto, continuamos a seguir facer un mellor Vigo, máis Vigo e mellor Vigo e tamén por suposto mellorando a cidade, facendo non unha improvisación Sr. Marnotes, senón mellorando toda a cidade, coas humanizacións, coa transformación continúa da cidade que seguimos a desenvolver pero tamén queremos promocionar a cidade a través das festas de verán e do apoio a O Marisquiño. Polo tanto, Vigo non só é referente en política social, non só é referente na transformación da cidade a través desas humanizacións transformadoras en realidade da mobilidade na cidade, coas rampas en Gran Vía que virán, cos ascensores que estamos a instalar, senón que tamén queremos ser referente internacional non xa nacional e autonómico, queremos ser referente internacional en materia de promoción turística da cidade neste caso, a través das festas do verán e a través de O Marisquiño. Polo tanto, esta modificación trata de completar esa tramitación que xa se estaba a facer para promocionar a cidade a través das festas do verán e que como dicía dende o 17 de xullo co concerto de Lauren Hill e continuando co concerto de Leiva, Ton Jones, Fangoira, Rick Astley, con Roger Hodgson, con Thirsty Seconds to Mars, Vetusta Morla e con David Bisbal e ademais cos concertos infantís farán que Vigo sexa un lugar para vir a visitar, Vigo será un lugar para manter a actividade económica dentro dese sector de ocio, de servizos e de promoción turística da cidade, dende ese 17 de xullo ata máis alá de mediados de agosto.

Polo tanto, o que tratamos de traer a este Pleno é ese trámite legal, o cumprimento do trámite que nos permite adicar recursos a promocionar a cidade a través das festas de verán e do apoio indiscutible ao evento de O Marisquiño, festival internacional de deporte e de arte urbana que se celebrará sen dúbida en Vigo neste período de 2019.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Moitas grazas por ese esforzo argumentativo do concelleiro de Facenda no que incluso se anticipa ao que vou a dicir aquí, Marnotes improvisación, imos a ver, o grupo Popular está a favor de que haxa crédito para as festas de Vigo porque o grupo Popular está a favor para adicar cartos a O Marisquiño, o que pasa é que nós a proposta que se leva a Xunta de Goberno Local por parte da concellería de Festas tense comunicado unha insuficiencia de recursos para facer fronte á totalidade dos compromisos adquiridos para o desenvolvendo das festas do verán que xa estamos no verán, isto efectivamente o que nos parece é unha irresponsabilidade que é a estas alturas non haxa crédito nos orzamentos para as festas de verán, estamos no mes de xullo, as festas do mes xullo efectivamente xa foron á Xunta de Goberno Local e constatamos que teñen crédito, hai informe de fiscalización, Rick Astley, Fangoria, etc. Pero claro que pasa cos do mes de agosto, pois a min, sinceramente este grupo nos parece unha irresponsabilidade deixar para este mandato algo que se podía ter resolto hai un par de meses ou tres, tiñan tamén maioría absoluta para facelo e nos parece unha irresponsabilidade deixalo para agora claro que di efectivamente non é que entre as eleccións unha cousa e outra, pero imos a ver, de onde vimos e a onde imos, estamos no mes de xullo, é unha irresponsabilidade deixar para outro mandato un asunto de esta importancia que como vimos estamos de acordo en que as festas de O Marisquiño teñen unha importancia tremenda para a promoción turística da cidade e para a propia imaxe da cidade, o que non é bo para imaxe da cidade é que a estas alturas do ano e faltando un mes para as actuacións non se saiba se hai crédito ou non, iso sinceramente non podemos apoialo.

É deixar para o mandato que ven e o que veña que arree, xa se aprobará total teremos maioría absoluta igual, pero claro que pasou? Que este Pleno tiña que haberse realizado a semana pasada, e se reuniu a Xunta de Voceiros e tivo que suspenderse porque hai cousas que non controlan, non controlan todo, non

controlan os tempos, e agora perdemos unha semana. Dito iso, como non contaban con iso teñen menos dun mes par ter finalizado o expediente, aquí improvisación xa o di vostede mesmo antes de que o diga eu, e irresponsabilidade, nós sinceramente esperábamos que sexan quen de rematar o expediente en prazo, de cumprir os compromisos da cidade, esperamos que sexan quen de facer iso, de dar as/os vigueses e a xente que nos visita as festas que queremos, as festas que precisamos, non nos imos a opoñer a isto pero nós non podemos apoiar esta irresponsabilidade por iso non imos abster.

SR. PÉREZ CORREA: Vostedes levan moitas modificacións de crédito, o que pasa que esta modificación de crédito ten que vir ao Pleno é a única gran diferenza que atopamos é que lle correu moita presa porque saben que esta modificación de crédito ao propoñer modificacións entre distintas áreas de gastos, ten que vir ao Pleno e iso ten un trámite longo porque un acordo de Pleno, unha exposición pública, calquera persoa vai a poder presentar alegacións, é dicir, nos imos a ir a un mes de tramitación sendo xenerosos e cando se toma unha decisión deste tipo hai que cando menos dicir cal é a fundamentación, de onde sacamos ou de onde se veñen determinadas tomas de decisións que motivan que teñamos que urxentemente facer unha modificación de 1.100.000 euros, de dúas partidas diferentes e que se cruzan ademais nos destinos finais, poderíamos dicir, pois si, tramitar mal, vostedes podían dicir, “non, é que non tiñamos recursos” pois no orzamento tiñan que ter asignado máis recursos porque ademais pasou noutros exercicios, cando vostedes destinaban medio millón de euros as festas de Vigo, e ao final a execución final superaba, no caso por exemplo do último exercicio, dous millóns de euros, pero cal é o problema aquí? É como vostedes organizan as festas de Vigo, tirando da fórmula do negociado sen publicidade nunha relación de tu a tu con dúas ou tres promotoras musicais non máis, hai moitas delas, algunhas programan grandes eventos internacionais como os de Santiago de Compostela pero non contan, contan sempre as mesmas que tamén terán que dicirnos que ese negociado con publicidade pero o que ao final é a oferta musical que me trae en concreto dúas, ao mellor hai que abrir un concurso público, ao mellor hai que definir mellor ese comité técnico que vostedes teñen constituído para as festas de Vigo, para a promoción de verán a ao mellor hai que buscar algún criterio porque

non me digan vostedes que os que van a tocar en Castrelos hai un criterio musical, non, hai un criterio que son curiosamente os que esas dúas promotoras poden ofertar porque son esas dúas as que poden ofertar incluso interrelacionadas en elas, algunha delas segue a cobrar medio millóns de euros pola programación do Auditorio Mar de Vigo e de maneira para nós, irregular, que tamén buscaremos algún mecanismo que xustifiquen porque teñen que subrogar ese contrato de medio millón de euros cando xa non existe UTE, iso tamén é un debate que temos que abrir. Pero nese negociado sen publicidade co que vostedes contratan, se queixan da Xunta de Galicia do Son do Camiño pero é exactamente o mesmo negociado pero incluso me parece bastante máis transparente que sexa un contrato de patrocinio ligado ao Xacobeo que o negociado arbitrario que vostedes abren, é discutible? Moitos concellos ante o criterio dispar que pode haber do que vostedes consideran actuacións tops e o que considera outro cidadán, abren concursos públicos nos que participan xentes que moitas veces saben de programación á hora de facer a baremación de que se contrata e canto se contrata non verán, pero iso é outra cuestión, vostedes agora propoñer mover 1 millón de euros e como se move entre distintas áreas de gasto, abriríamos outro debate que son as urxencias desta cidade, eu non nego que en Vigo vostedes necesiten recursos, non o nego para as festas de verán, pero terán que convenir cando menos con nós que poderíamos ter priorizado outras cuestións porque tódalas festas de Vigo van a ser a iniciativa deste Concello central en Castrelos e logo nos barrios que sexa o movemento veciñal, home, tamén poden vostedes facer, nos propuxemos publicamente bandas locais, festivais de bandas locais nos barrios o que se está a facer en todas e cada das cidades deste país, pois son as bandas locais as que están promovendo unha protesta precisamente porque non teñen acceso a esa cuestión, vostedes verán porque van a recibir as sinaturas que están a recoller, supoñemos ademais que se lle terá en conta, pero que ademais no expediente non se nos di cal é o fin ás festas de Vigo, pero queríamos saber que partidas? Un orzamento pequeno, un preorzamento, pois 200.0000 euros para isto, 300.000 euros para isto e que pechamos con algunha promotora algún concerto e agora hai que cumprir porque non temos crédito porque non tódolos expedientes están aprobados, vostede acaba de citar un grupo Vetusta Morla que non vimos o expediente, ou polo menos non existe, non sei se irá a Xunta de Goberno Local

pero dende logo xa están a consignar recursos para esa cuestión e por que tardaron en facelo? Pois eu creo que foi unha falla de previsión de que un modificadorio deste tipo que inclúe áreas de gastos diferentes tiña un trámite longo, porque vostedes sabían en febreiro xa que Ryan Air non repetía, non? Ou polo menos era público, en febreiro xa se podía ter feito algún movemento sobre eses recursos que nós consideramos que obrou ben o Concello de Vigo en non deixarse chantaxear por un período de 4 anos máis por unha compañía que xa lles avisamos no 2015 que facía estas prácticas, poñía aos vos e logo esixía máis recursos incluso sen ningún tipo de retorno moitas veces ligado a turismo deses voos. Vostedes queren facer este modificadorio dígnanos para que, as festas de Vigo é un epígrafe moi grande e queremos saber exactamente cales son os compromisos que teñen adquirido a través destes negociados, se vostedes teñen algún plan que descoñecemos, pois se me din que imos a facer un gran festival nos barrios, que imos a dinamizar, imos a evitar que as festas de Vigo sexan só centro e abandono da periferia ás iniciativas veciñais que ao fin e ao cabo calquera persoa que vexa o programa a maior parte das iniciativas do barrio é directamente o movemento veciñal e polo tanto que se non clarexe cal é a necesidade concreta, non era difícil poñelo nun informe que cremos ademais que nós poderíamos entender que chegaron a acordos que os grupos reservan as súas datas con meses de antelación e polo tanto, iso obviamente ten que ligarse a un contrato, a un acordo pero que non nos din para que, e estamos a falar 1 millón de euros que podían ter moitos usos, había unha emenda do Bloque Nacionalista Galego que propoñía plan de emprego pero que poderíamos facer 50.000 usos, toda vez que hai unha, agora xa coñecemos que é unha modificación que implica diferentes áreas de gasto e prioridades a esta cidade podemos atopar todos moitas ás que facer fronte entre outras cousas por programas sociais que se quedaron fora porque o Orzamento estaba moi constringido e utiliza un argumento en determinadas axudas sociais, que por certo, as axudas sociais non se miden o número de millóns que se gastan, senón o número ponderado polo número de habitantes, iso fai o Ministerio de Facenda e rotundamente se din que ponderado polo número de cidades Vigo é unha das cidades que máis gasta en política social porque os datos do Ministerio de Facenda din que non chegamos nin sequera a media dos grandes concellos deste país, ademais os concellos que vostede citaba



ese importe ponderado polo número de habitantes é unha documentación pública que calquera habitante pode acceder no Ministerio de Facenda, pois deixa bastante a unha situación moi pouco para vanagloriarse no Concello de Vigo.

Díganos cales son os compromisos destes recursos máis alá dos grandes epígrafes porque sería unha maneira de clarexarnos que é o que teñen pensado facer co millón de euros que non é pouco recurso económico.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Eu quero principiar por dúas cuestións que non sexan dos aspectos centrais do que motivan este Pleno si que paradoxalmente centraron a intervención do concelleiro do goberno, en primeiro lugar, efectivamente é palpable a falla de apoio da Xunta de Galicia con esta cidade en materia cultural e noutras moitas, nese sentido tamén quero deixar constancia da posición firme e rotunda do Bloque Nacionalista Galego contra esa política deliberada de abandono por parte da Xunta de Galicia do Partido Popular da principal cidade de Galicia e que testemuñan, e se me permiten a mención, a recente tomadura de pelo que vimos de padecer en relación á construción do centro de saúde de Bouzas, nese sentido a posición do Bloque Nacionalista Galego vai ser sempre consecuente e firme denunciando ese deliberado abandono.

Poderíamos falar do programa das festas, daría moito que falar efectivamente pois o modelo, o xeito de programar tamén a maneira de contratar, o certo é que o programa das festas de Vigo ten xeralmente un denominador común que é a permanente exclusión de grupos galegos e da música en galego, do cartel polo menos dos grandes concertos, eu non sei se é por descoñecemento ou por unha deliberada intencionalidade de que non teñan presenza máis en todo caso si que subscribimos esa petición que están a facer numerosos grupos musicais da cidade e bandas locais de que cando menos teñan a oportunidade de telonear, eu creo que os concertos mellorarían substancialmente se quen os telonean son os maravillosos e estupendos grupos da cidade en lugar do Alcalde e así tamén aforramos tamén algunha nocturnidade.

En terceiro lugar, e xa entrando o asunto que é obxecto do debate que é unha proposta de modificación orzamentaria por parte do mesmo grupo de goberno que aprobou con maioría absoluta os orzamentos en vigor, hai algunhas consideracións que teñen que ver efectivamente con que non se xustifican nin se

fundamenta debidamente cal é a necesidade desa transferencia de créditos porque se alude unicamente a unha insuficiencia xenérica, non se entra nin a detallar nin a desagregar cales teñen sido os compromisos adquiridos que non contan con crédito en partida pero tampouco se xustifica algo moi importante que é que levou a área de Festas a subscribir compromisos que superaban a mantenta, a capacidade orzamentaria das partidas que xestiona, iso nós entendemos que por unha cuestión de funcionamento e de transparencia sería bo que se obxectivara, máis tamén para poder apelar a unha maior corresponsabilidade do conxunto do Pleno porque efectivamente as decisións son diferentes si se fundamentan con exemplos concretos se se fala de que xa hai contratacións subscritas ou en visos de subscribir, que contratos, para que, etc. que desta maneira xenérica.

En relación á partida de Conxemar, o Bloque Nacionalista Galego fomos a única formación política que presentamos unha emenda a este proxecto de modificación orzamentaria, emenda que mantemos e nesa emenda tamén facíamos constar que nós non discrepamos da xustificación que se da para incrementar os créditos da aplicación destinada a O Marisquiño que é un evento que dende logo de sobrada traxectoria, un evento que dende o Bloque Nacionalista Galego apoiamos sempre con decisión e que ademais cremos que é moi importante seguir a dimensionar toda vez tamén que a partida que se quere asignar quedou liberada pola renuncia expresa da organización de Conxemar para recibir os 100.000 euros que estaban consignados. O que si discrepamos é na oportunidade política por utilizar o termo que se empregou no informe da consellería de Facenda para recomendar o rexeitamento da nosa emenda, nós temos efectivamente un sentido da oportunidade política diferente, e nós o que dicimos é que si queda un millón de euros liberado pola non execución dun convenio publicitario con Ryan Air ao que o Bloque Nacionalista Galego nos opoñíamos e por iso formulamos no seu momento alegacións ao orzamento, nós dicimos que hai que atender a un criterio de prioridade política no gasto e a nosa prioridade é ben diferente claro está da prioridade que quere defender o goberno. Nunha cidade na que os datos da última EPA dispoñibles nos din que perdemos, que se destruíron 2.100 postos de traballo en relación ao trimestre anterior, nunha cidade na que a última EPA dispoñible di que hai hoxe 11.700 postos de traballo menos, ocupados menos que no cuarto trimestre do 2009, os datos da EPA non os inventa o Bloque Nacionalista Galego,

están dispoñibles, os publica o Instituto Nacional de Estatística e son fáciles de consultar. A maiores vivimos nunha cidade onde o nivel de paro rexistrado é de 22.300 persoas isto si que o que certifica é que hai unha situación de evidente insuficiencia no que son as partidas destinadas a emprego e o que vivimos é unha situación de emerxencia laboral produtiva e que se está a traducir tamén nunha situación de emerxencia social como verifica o feito de que en Vigo haxa 61.000 persoas en risco de exclusión e pobreza e por iso a emenda parcial de substitución que formulamos o Bloque Nacionalista Galego o que propón é adicar ese millón de euros que queda liberado do convenio de Ryan Air que non se subscribiu a destinalo ao Plan Municipal de Emprego, nós entendemos que a principal prioridade desta cidade, a principal necesidade das viguesas/es é obter un emprego digno e nunha cidade marcada polo desemprego e por unha brutal precariedade, entendemos que o Concello de Vigo ten que facer un esforzo adicional ao que xa se está a facer en materia destas políticas, e esta é a proposta que formula o Bloque Nacionalista Galego.

SR. ANEIROS PEREIRA: Debemos ampliar un pouco o foco para comezar a responder a todo o que aquí se acaba de dicir, miren, aquí vemos por unha banda un esforzo argumentativo ímprobo por xustificar un case non, vemos tamén un esforzo argumentativo por sementar dúbidas e vemos tamén un esforzo argumentativo por mirar a administración que non é a competente e agora o explico. O Sr. Marnotes falaba de que a improvisación, a falla de planificación deste goberno, a planificación deste goberno a leva o goberno non a levan vostedes, iso o primeiro e máis improvisación que na Xunta de Galicia aprobando unha modificación de crédito polo importe de 222 millóns de euros o 29 decembro de 2018, máis improvisación que esa non a coñezo, 222 millóns de euros. Nós non improvisamos, nós estabamos a falar coas compañías aéreas, sabíamos que podería quedar un crédito dispoñible, quedou o crédito dispoñible, no momento no que ese crédito se confirma que está dispoñible e no momento en que por cuestión legais no que inflúe certamente a convocatoria de eleccións podemos tramitar esa modificación, así de sinxelo, polo tanto ningunha dúbida nin sobre a improvisación nin sobre outras cuestións das que vostedes falan.

Pero miren, dito isto tamén hai que dicir que sobre todo para aqueles que están empeñados en seguir sen aprender, sementando dúbidas se fai uso dun modelo de contrato dunha posibilidade que é como digo legal, por certo, posibilidade legal da que tamén se fixo uso noutro concello no que gobernaba Mareas, o de A Coruña no que por certo, polo mesmo concerto que en Vigo pagaron o dobre, alguén terá que explicar algo, nós facemos uso dos elementos legais que temos á nosa disposición, quen coñece un pouco a tramitación destes contratos sabe que os grupos teñen representantes, e que polo tanto, se un quere facer unha programación diversificada para tódolos públicos como a que quere facer este goberno porque se miran o cartel de festas hai grupos para tódolos públicos, pop, rock, rock internacional, clásicos do rock como Tom Jones, clásicos do pop internacional como Rick Astley, clásicos da música Indie como Vetusta Morla, clásicos do rock máis internacional como Thirsty Senconds to Mars, grupos galegos, ou cantantes galegos como Xoel López pero tamén é que facemos outra programación, fora das grandes festas que é a que se fai nos barrios, a que se fai nas parroquias, onde as bandas, a música tradicional, onde a música máis preto está presente, claro que si, porque Vigo é unha cidade que une tradición e modernidade, Vigo é unha cidade moderna pero tamén ancorada en raíces tradicionais e facemos proxección e protección desa música máis tradicional tamén, claro que si, quen apoia ás bandas de música nesta cidade? Quen apoia as bandas de música? Quen apoia ás bandas de música clásica nesta cidade? A Xunta de Galicia adica recursos inmensos a bandas de música clásica de Santiago de Compostela e de A Coruña, cero Vigo. As sinfónicas están en Santiago de Compostela e en A Coruña, o apoio está a Santiago de Compostela e A Coruña, Vigo cero, quen apoia a música tradicional nesta cidade? O Concello de Vigo, o goberno de Vigo apoia a música tradicional pero o goberno de Vigo tamén quere facer proxección internacional da cidade, tamén quere iso, por que? Porque redundando en beneficio dos sectores produtivos da cidade, redundando en beneficio da cidadanía e para iso adicamos recursos para promocionar a cidade, facendo uso dos elementos legais que temos a nosa disposición, como é o negociado e os contratos abertos, con máis de 7 promotoras que participan neses contratos, polo tanto, obscuridade ningunha, todo legal e no portal de transparencia, cunha única finalidade, fomentar o emprego e a actividade económica nesta cidade, emprego, emprego, emprego e actividade

económica, benestar da cidadanía, ese é a nosa premisa básica para este programa de promoción da cidade a través das festas de verán e do apoio a O Marisquiño, ese é o obxectivo deste goberno e polo tanto, improvisación ningunha, as cousas se tramitan cando se teñen que tramitar e baixo unha directriz clara, abrindo o espectro para tantos cativos, os rapaces/as desta cidade porque tamén haberá concertos infantís en Castrelos, tamén os haberá de Srek, do Rei León, Queen manía, hai concertos para os pequenos, para a xente xove, para a xente máis madura e concertos en tódolos barrios, en tódalas parroquias, festas de verán para os máis pretos pero tamén que fagan de Vigo unha cidade de proxección e de relevancia internacional, ese é o noso obxectivo.

**PRESIDENCIA:** Antes dicir o resultado, xa foi rexeitada na Comisión Informativa, polo tanto, segundo o ditame que é o que estamos a votar.

**VOTACIÓN:** Con vinte e catro votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Expinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, dous votos en contra dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e unha abstención do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

**ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a modificación orzamentaria nº 67/2019, transferencia de créditos entre distintas Áreas de Gasto do Orzamento correspondente ao expediente nº 63/142, cos seguintes recursos e empregos:

Concepto	Recursos	Empregos
----------	----------	----------

	Programa	Partida	Proxecto	Importe	Programa	Partida	Proxecto	Importe
Turismo	4320	2279902		1.000.000,00	3380	4700001		100.000,00
Emprego	2410	4700003		100.000,00	3380	2260906		1.000.000,00
Total				1.100.000,00				1.100.000,00

SEGUNDO.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria nº 67/2019, se dará cumprimento ao previsto no art. 169 do TRLRFL e 85 do ROP .

TERCEIRO.- Unha vez co crédito sexa executivo, procederá a tramitar os expedientes de acordo a finalidade dos empregos dos recursos.

No entanto o anterior, a Base 29ª das de Execución do Orzamento, ao abeiro do previsto no artigo 117.2 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP), de 8 de novembro, establece que poderán tramitarse anticipadamente expedientes de gasto, cando estea presentado na Intervención Xeral o proxecto de orzamento xeral para o exercicio seguinte ao actual, así como no caso de modificacións de créditos.

CUARTO.- Ao amparo do previsto no artigo 171 do TRLRFL, contra a aprobación definitiva da modificación de crédito, poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación da modificación de crédito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e cincuenta e sete minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.